

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 3/2020, DO 13 DE XULLO POLA QUE SE REGULA O DESENVOLVEMENTO DO PECHE DOS CENTROS, INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 5 E O 19 DE AGOSTO DE 2020.

A instrución da Xerencia 12/2019, do 27 de decembro, sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2020 do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo establece no punto 7.1: *“(...) procederase ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo nos seguintes períodos do ano 2020:*

b) Entre o 5 e o 19 de agosto, ambos os dous incluídos, que terán a consideración de vacacións anuais para todos os efectos. Co fin de minimizar as repercusións desta iniciativa e para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, o persoal terá dereito a gozar de 3 días de libre disposición adicionais, agás que durante este período estea nalgunha das situacións previstas no primeiro parágrafo do punto 3.3.”

O punto 7.2 da devandita instrución prevé: *“A Xerencia poderá acordar nestes períodos outro horario de apertura, a alteración dos períodos ou a continuidade dalgúns servizos e actividades.”*

En virtude do exposto, esta Xerencia resolve ditar as seguintes.

INSTRUCCIÓNS

1. Obxecto.

Esta instrución ten por finalidade regular o efectivo desenvolvemento do peche de centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo no período comprendido entre o 5 e o 19 de agosto de 2020, ambos incluídos.

2. Peche de centros, instalacións e dependencias.

Todos os centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo, incluíndo os respectivos servizos, áreas e unidades de xestión, permanecerán pechados do 5 ao 19 de agosto de 2020.

Non obstante, atendendo aos informes motivados emitidos polas persoas responsables dos centros, instalacións e dependencias, estipúlanse como excepcións e permanecerán operativos, en horario de 9:00 a 14:00 horas os servizos, unidades ou áreas especificadas no punto 3 desta instrución.

Por outro lado, como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria, modificáronse as datas das probas ABAU, motivando cambios nos prazos de matrícula do alumnado que esixen a prestación de servizos esenciais nos tramos delimitados no punto 3 seguinte.

3. Prestación de servizos esenciais durante o peche. Modalidade presencial e non presencial

Tendo en conta as circunstancias actuais derivadas da emerxencia sanitaria, coa esixencia de extremar as precaucións e o cumprimento estrito das medidas de seguridade e protección fronte á Covid-19 estipuladas polas autoridades sanitarias, en función das características e necesidades dos diferentes servizos, áreas e unidades que precisan da continuidade de prestación de servizos esenciais durante o peche, establécense 2 modalidades de traballo durante este período: réxime presencial e réxime non presencial.

A. MODALIDADE DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN RÉXIME PRESENCIAL.

1) Prestación de servizos durante todo o período de peche do 5 ao 19 de agosto de 2020:

- a) CACTI.
 - 1 técnico/a da unidade de determinación estrutural, proteómica e xenómica.
 - 1 técnico/a da unidade de microscopía electrónica.
 - 1 técnico/a da unidade de nanotecnoloxía e análise de superficies.
 - 1 ATSX da unidade de conserxería que teña atribuídas funcións específicas.
- b) CINBIO - ANIMALARIO
 - 2 persoas do Animalario.
- c) ECIMAT.
 - 1 técnico/a da área de calidade ambiental e histoloxía.
- d) UNIDADE DE SERVIZOS XERAIS DE APOIO.
 - 1 TE de xardinería e zonas verdes.

2) Prestación de servizos os días 5, 6 e 7 de agosto de 2020.

- a) LERD N° 5 (SIE) DO CAMPUS VIGO
 - 2 persoas da unidade
- b) LERD N° 6 DO CAMPUS OURENSE
 - 1 persoa da unidade
- c) LERD N° 7 DO CAMPUS DE PONTEVEDRA
 - 1 persoa da unidade

B. MODALIDADE DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN RÉXIME NON PRESENCIAL.

Sen prexuízo, de ser o caso, da esixencia de prestación de xeito presencial para a resolución de incidencias.

1) Prestación de servizos durante todo o período de peche do 5 ao 19 de agosto de 2020:

a) ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN (ATIC).

- Control e mantemento da rede corporativa e servizos dependentes.
1 técnico/a do grupo I da área de tecnoloxías da información e comunicacións.
- Control e mantemento do aloxamento de portal web, xescampus, automatrícula, correo electrónico e servizos dependentes.
1 técnico/a do grupo I da área de tecnoloxías da información e comunicacións.
- Atención de incidencias que poidan xurdir dos servizos anteriores e soporte ao persoal de SIE e LERD.
1 técnico/a de grupo III da área de tecnoloxías da información e comunicacións do campus de Vigo.

2) Prestación de servizos os días 5, 6 e 7 de agosto de 2020:

a) ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN (ATIC).

- Atención ao persoal de LERD.
1 técnico/a de grupo III da área de tecnoloxías da información e comunicacións do campus de Ourense.
1 técnico/a de grupo III da área de tecnoloxías da información e comunicacións do campus de Pontevedra.

3) Prestación de servizos os días 12, 13, 18 e 19 de agosto de 2020.

a) ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN (ATIC).

- Soporte aos procesos de automatrícula e de xestión académica relacionados
1 técnico/a do grupo I da área de tecnoloxías da información e comunicacións.

b) SERVIZO DE XESTIÓN DE ESTUDOS DE GRAO.

- 2 persoas para xestión.
- 3 persoas para configuración.
- 3 persoa para xestión de incidencias.

c) LERD E (SIE) DO CAMPUS VIGO

- 2 persoas do LERD nº 5 (SIE) do campus de Vigo.
- 1 persoa do LERD Nº 6 do campus de Ourense.

d) SERVIZO DE AXUDAS AO ESTUDO, BOLSAS E PREZOS PÚBLICOS.

1 persoa do servizo.

O persoal que deberá atender estes servizos esenciais nas unidades especificadas, determinaranse por acordo entre o persoal afectado. De non haber acordo, efectuarase por sorteo, sendo rotatorio nos seguintes anos.

As persoas responsables de cada unidade comunicarán á Xerencia, con data límite do 21 de xullo de 2020, a relación nominal de persoal que atenderá os servizos esenciais establecidos.

4. Criterios aplicables.

- a) De conformidade co punto 7.1.b) da instrución da xerencia 12/2019, do 27 de decembro, para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do PAS da Universidade de Vigo, dada a consideración do período comprendido entre o 5 e o 19 de agosto de 2020 como vacacións anuais a todos os efectos, o persoal de administración e servizos terá dereito a 3 días de libre disposición adicionais, ou os que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural.
- b) Lémbrese a todo o PAS que ten a obriga de solicitar a través do VAPEL os días de vacacións, incluídos necesariamente os correspondentes ao período de peche. Compételle ás persoas responsables de cada ámbito, campus, servizo, unidade ou área comprobar o efectivo cumprimento deste deber.
- c) O persoal que preste os servizos esenciais establecidos no punto 3 durante todo o período de peche non terá dereito aos días adicionais sinalados no punto 4.1. No caso de que a prestación de servizos esenciais non abranga a totalidade do período de peche, estarase ao disposto no último parágrafo do punto 7.1.b) da instrución da xerencia 12/2019.
- d) Aquel persoal que en función ao tempo de servizos efectivamente prestados, ou da duración previsible de contratos e nomeamentos, teña dereito a un período de vacacións igual ou inferior a 11 días, deberá gozalos no tramo de peche, sempre que manteñan a súa vinculación coa Universidade ata o 19/08/2020 ou data posterior.

5. Acceso a centros, instalacións e dependencias no período de peche.

Cando resulte necesario e indispensable o acceso do persoal a centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo durante o período de peche, por mor das súas

actividades, contando coa pertinente autorización do responsable correspondente, o persoal deberá axustarse ás seguintes obrigas.

Aquel persoal que conte con tarxeta de acceso debidamente autorizada, utilizará este mecanismo tanto para a entrada como para a saída do centro, instalación ou dependencia. Calquera incidencia deberá comunicarse ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387).

O persoal que non dispoña de tarxeta de acceso, chamará ao Centro de Control do servizo de vixilancia (teléfono: 618873387) informando do centro, instalación ou dependencia ao que se precisa acceder. Ao edificio acudirá un vixiante do servizo quen, logo da identificación e comprobación oportunas, habilitará a entrada. Así mesmo deberá comunicarse a saída ao Centro de Control do servizo de vixilancia, prohibíndose posteriores accesos ás persoas que incumpran esta obriga.

Esta sistemática aplicarase de idéntico xeito cando o persoal precise acceder aos centros, instalacións e dependencias da Universidade que, de conformidade coa previsión contida no punto 8.1 da instrución 12/2019. pechen na quenda de tarde en períodos distinto ao de peche definido no punto 1 desta instrución.

Lémbrese a necesidade de cumprir estritamente as medidas de prevención e hixiene ditadas pola Universidade de Vigo e as autoridades sanitarias para evitar riscos sanitarios no momento do acceso.

6. Emerxencias.

De producirse calquera incidencia ou emerxencia, comunicarse de inmediato ao Centro de Control do servizo de vixilancia, teléfono: 618873387.

Vigo, 13 de xullo de 2020

A xerenta,
Raquel M. Souto García
(documento asinado dixitalmente)